

*Plan de apoio ao proceso de  
Ensinó-Aprendizaxe, P.X.A.D.,  
Acción Titorial e Orientación  
Académica*

**C.E.I.P. AS BIZOCAS**

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOCAS. CURSO 2023-24

Curso 2023-24

## INDICE:

1.- Datos de identificación do Departamento de Orientación e contexto que abrangue.

1.1. Situación administrativa deste departamento

1.2. Composición do Departamento de Orientación.

1.3. Contexto de actuación

1.4. Reunións

1.4.1.- Reunións do departamento de orientación

1.4.2.- Reunións de coordinación

1.4.3.- Reunións da C.C.P. no C.E.I.P. As Bizocas

1.4.4.- Reunións de coordinación coa xeratura do departamento

de orientación do I.E.S. AS BIZOCAS

2.- Contextualización

2.1. Situación socioeconómica da zona.

2.1.1.-Datos xerais do centro CEIP As Bizocas

2.1.2.- Algúns datos específicos do centro

2.1.2.1.- Datos relacionados co alumnado do centro cara o presente curso.

2.1.2.2.- Centro ao que está adscrito

2.2. Contextualización do C.E.I.P. As Bizocas (colexio adscrito)

2.2.1.- Algúns datos específicos do centro

2.2.1.1.-Datos relacionados co alumnado para o presente curso.

2.2.1.2.- Centro ao que está adscrito

3.- Necesidades educativas

3.1. Relacionadas coa C.E.I.P. As Bizocas

4.- Datos a ter en conta cara a concreción anual para o P.X.A.D.

4.1. Datos relacionado co alumnado con NEAE

4.2 . Actuacións, medidas e plans para a atención á diversidade

5.- Obxectivos xerais.

5.1 Obxectivos referidos ao centro

5.2 Obxectivos referidos ao alumnado

5.3 Obxectivos referidos ao profesorado

5.4 Obxectivos referidos ás familias

6.- Plano de actuación

6.1. Liñas prioritarias de actuación

7.- Determinación da estratexia a seguir

7.1. Estratexias referidas ao alumnado

7.1.1.- Realización da avaliación e integración inicial do alumno

7.1.2.- Detección do alumnado con posible risco de absentismo

7.1.3.-Detección e avaliación do alumnado con n.e.a.e.

7.1.4.- Orientación académica.

7.1.5.- Avaliación do alumnado

7.2. Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado

7.2.1.- Relación do titor o departamento de orientación

7.2.2.- Relación do titor co profesorado

7.2.3.- Relación do titor coas familias.

7.3 Estratexias de intervención a ter en conta

7.3.1.- proceso para solicitar a intervención do D.O.

7.3.2.- Criterios a seguir para establecer os apoios das especialistas de P.T. e A.L.

8.- Recursos cos que contamos

9.- Metodoloxía

10.- Adaptacións á situacións pandémicas ou COVID

11.- Actividades do departamento de orientación e a súa temporalización

11.1. Actividades e a súa temporalización a realizar no departamento

12.-Criterios de avaliación

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOCAS. CURSO 2023-24

# 1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E CONTEXTO QUE ABRANGUE

## 1.1. Situación administrativa deste departamento

Segundo a catalogación de postos de traballo dos centros de Educación Infantil e Primaria, o Departamento de Orientación deste centro é un Departamento de Orientación Compartido constituído polo C.E.I.P. de Conmeniño ( OC) e o centro compartido C.E.I.P. de As Bizocas.

O alumnado do C.E.I.P. As Bizocas continúa os seus estudos no I.E.S. As Bizocas, o alumnado do C.E.I.P. Conmeniño ao IES Monte da Vila ( Grove).

## 1.2.- Composición do Departamento de Orientación

Para o presente curso o Departamento de Orientación do C.E.I.P. Bizocas estará composto polos seguintes membros:

Mestra especialista en P.T.1*	.....	María dos Anxos Piñeiro Otero
Mestre especialista en P.T. 2*	.....	Alicia Salgado Fernández
Mestre especialista en A.L.**	.....	Begoña Salgado Fernández
Orientador **	.....	Juan C. Rumbao Domínguez
Representante de 1º ciclo de E. Primaria	.....	Olaya Abal Moldes
Representante de 2º ciclo de E. Primaria	.....	Ana Mª Martínez Camiña
Representante de 3º ciclo de E. Primaria	.....	Diego Gondar Otero
Representante de E. Infantil	.....	Dolores Sanmartín Fraga

\* No presente curso a especialista en PT ( que denominaremos P.T.1 realiza as función de directora do centro e o seu horario será completado por Dona Alicia Salgado Fernández, tamén especialista en P.T. ( que denominaremos como P.T.2 ) compartirá o seu traballo con CEIP de Dorrón e cubrirá o horario de dirección asistindo a este centro os xoves e venres

\*\* A profesora de Audición e Linguaxe e o orientador estarán no CEIP As Bizocas (centro compartido) 2 días á semana ( mércores e xoves). Os luns, martes e venres permanece no CEIP Conmeniño.

### 1.3.- O Contexto de actuación .

Este plan de orientación afectará ao centro CEIP As Bizocas

### 1.4.- Reunións :

#### 1.4.1.- Reunións do Departamento de Orientación:

- Unha reunión trimestral cos membros do Departamento de Orientación para o seguimento e avaliación do Plan de Orientación e o cumprimento das funcións que legalmente se establezan relacionadas coa orientación.

#### **OBSERVACIÓNS:**

- O orientador, o especialista en A.L., e especialistas en P.T. celebrarán unha reunión, preferentemente, mensual para tratar temas relacionados co desempeño das funcións que lle son encomendadas ao Departamento de Orientación na normativa vixente; tamén cando se considere necesario ou a petición do profesorado poderán asistir ás citadas reunións cando se traten temas relacionados co seu alumnado. Preferentemente trimestralmente e/ou cando sexa preciso poderase reunir os membros do departamento de orientación para facer un seguimento das actividades do departamento e outras funcións relacionadas coas súas actividades.
- Realizaranse reunións, cando fose preciso, co profesorado ou titores de nivel, dirección do centro para a planificación, seguimento e avaliación de tarefas relacionadas coa orientación escolar do colexio. Estas reunións poderanse realizar en espazos temporais de permanencia no centro pero nun caso moi excepcional e previa convocatoria ou aviso á dirección do centro base poderanse realizar actividades propias do departamento en horas lectivas que non lle corresponde por horario de asistencia designado do orientador a este centro e celebraranse estas reunións en función das dispoñibilidade do xefe do departamento.

- O Orientador coordinarase co IES As Bizocas, centro ao que está adscrito o CEIP As Bizocas.

#### **1.4.2.- Reunións de coordinación**

- Realizaranse reunións, cando fose preciso, co profesorado ou tutores de nivel, dirección do centro para a planificación, seguimento e avaliación de tarefas relacionadas coa orientación escolar do contexto. Estas reunións poderanse realizar en espazos temporais de permanencia no centro que así o permitan e/ou algún outro día en caso excepcional, en horario lectivo, cando se lle fose comunicado con antelación ao orientador e dirección do centro base (indicarase a xustificación excepcional da reunión, hora e outras circunstancias que se deban ter en conta)

#### **1.4.3.- Reunións da C.C.P. no C.E.I.P. As Bizocas**

- O xefe do departamento será informado pola dirección do centro, por escrito, daqueles acordos levados a cabo na Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro que afecten as funcións do orientador e / ou Departamento de Orientación.

#### **1.4.4.- Reunións de coordinación coa Xefe do Departamento de Orientación do IES As Bizocas**

- O Xefe do Departamento asistirá, previa convocatoria, ás reunións de coordinacións co/a Xefe/a do Departamento de Orientación do I.E.S. ao que estamos adscritos ( IES As Bizocas).

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1. Situación socioeconómica da zona

O Grove é unha pequena península unida a terra firme a través dun istmo coñecido como O Vao, que dá lugar á praia da Lanzada na súa parte occidental e á ampla marisma do complexo intermareal Umia-O Grove na súa parte oriental, que o conecta co concello de Sanxenxo. Así mesmo, en O Grove atópase a pequena Illa da Toxa á que se accede por unha ponte de principios do século XX.

O Grove conta cunha poboación de 10.500 habitantes (INE 2020) distribuídos nos 21,89 quilómetros cadrados que compoñen a península. Divídese en dúas parroquias; a de San Martín de O Grove e a de San Vicente de O Grove; a densidade de poboación é maior na zona da costa que no interior.

Tradicionalmente, O Grove foi un pobo dependente do mar e os seus produtos: pesca de baixura, criadeiras de mexillón e outros bivalvos, ou a industria conserveira. Hoxe en día, non obstante, o pobo experimenta unha crecente puxanza do turismo. Grande número de hoteis e restaurantes de todas as categorías, campo de golf, festas gastronómicas, casino, praias, acuario, zonas de sendeirismo, paseos en barco pola ría, buliciosa vida nocturna, etc.

Tradicionalmente foi a pesca o principal motor económico do municipio, industria que se viu tremendamente mellorada coas novas técnicas introducidas polos cataláns no século XVIII. Hoxe en día a pesca mantén un papel preponderante na economía local, non obstante foi o sector do turismo o que potenciou estes últimos anos o desenvolvemento do municipio.

O boom turístico nesta zona remóntase ao descubrimento a mediados do século XIX de augas e barros mineiro-medicinais na Illa de A Toxa. Constrúese o balneario por iniciativa privada, comezando así a recepción dun tipo moi concreto de turistas: aqueles que buscan descanso e saúde nun ámbito confortable. A oferta turística concentrábase en principio na illa, pero acabou



estendéndose ao resto do municipio, convertido hoxe nun dos destinos punteiros da costa galega, tanto para o turismo de saúde coma para o turismo activo.

### **Estructura educativa**

O Grove conta con suficientes centros educativos para a totalidade da poboación de que dispón. Segundo a Orde do 12 de Agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación estes son os centros de educación infantil e primaria cos que conta O Grove:

36018100 CEIP Ás Bizocas

36014878 CEIP de Conmeniño

36003807 CEIP Rosalía de Castro

36003832 CEIP Valle-Inclán

Tanto os centros Rosalía de Castro como Valle Inclán contan con Departamento de Orientación propio.

Ademais, O Grove conta con dous Institutos de Educación Secundaria con departamento de orientación propio que son os seguintes:

36019232 IES Monte dá Vila

36020274 IES Ás Bizocas

O noso Departamento de Orientación Compartido ten como centro adscrito o CEIP Ás Bizocas. Dende o curso 2012-2013 o CEIP As Bizocas conta con xornada única.

### 2.1.1- Datos xerais do centro C.E.I.P. As Bizocas

#### Características do contorno escolar e do centro. Descrición do entorno.

O C.E.I.P. As Bizocas atópase situado en Balea (**San Vicente do Mar**, un lugar pertencente á Comarca Do Salnés (provincia de Pontevedra), situado na península de O Grove, que orixinariamente era una illa, agora unida á península de O Salnés por obra da natureza. Lentamente foise creando o istmo da praia de A Lanzada que alcanza un máximo de dous quilómetros de ancho por uns catro de lonxitude cun sistema dunar que encerra un dos ecosistemas de maior produtividade e riqueza biolóxica da provincia.

O turismo é a súa principal actividade debido á gran beleza natural coa que conta a zona e as súas variadas ofertas de ocio. En San Vicente do Mar é onde se sitúan as mellores praias do municipio . Neste lugar e onde se sitúa o centro, destacando non so as praias, tamén é unha zona cun patrimonio natural importante, aspecto a ter en conta na programación didáctica do centro.

#### Situación socio-económica e cultural. Análise

Todos os servizos atópanse concentrados no núcleo urbano de O Grove, sendo de fácil acceso. Podemos dicir que nos atopamos nunha zona pequena que vive fundamentalmente dos sectores secundarios e de servizos (hosteleiro, construción, pesca...) e donde unha porcentaxe importante de nais (aínda que cada vez menos) é ama de casa.

O nivel de estudos dos pais/nais é, nunha alta porcentaxe, primario e cun nivel sociocultural medio-baixo; onde se adoita empregar máis o galego que o castelán; e xeralmente dispoñen de vivendas unifamiliares.

Nos últimos observamos un cambio nesta situación, tanto no referente a lingua na cal observamos un aumento dos pais/nais que empregan o castelán como lingua habitual. Así como no nivel de estudos , no cal cada vez son máis os alumn@s con pais/nais con estudos secundarios e tamén a nivel universitario

Respecto a lingua empregada polos alumn@s atopámonos cada vez con máis alumn@s castelán parlantes. Aínda que esta tendencia semella que volveu a cambiar coa incorporación de novo alumnado de Educación infantil nos cales no 90% empregan o galego.

Este plano de actuación dirixese a un centro con 7 unidades e con 9 cursos, dispoñendo de aulas suficientes, ademais de aula de música compartida coa de informática, ximnasio, 1 patio de recreo e deportivos, biblioteca, aula de xogos para Educación Infantil así como outras dependencias destinadas ás funcións administrativas e de dirección do centro, así como unha aula de inclusión e un comedor xestionado pola AMPA. Debemos comentar que os especialistas en A.L., P.T. e orientación teñen habilitados uns espazos para ser empregados cando se precisen.

## **2.1.2.- Algúns datos específicos do centro**

### **2.1.2.1.- Datos relacionados co alumnado do centro para o presente curso**

- Neste curso séguese co Plan Lector do centro no que se destina un tempo aproximado de 30 minutos diarios para o fomento da lectura no alumnado.

- O colexio ten previsto realizar un plan de prevención de déficits na fala co alumnado de Educ. Infantil (PELI).

## **DATOS DO C.E.I.P. BIZOCAS A TER EN CONTA**

Número de profesores: 15

Observacións :11 mestres con destino no centro ( 2 de Educ Infantil, 5 titores en Educ. Primaria, 1 especialista en P.T., 1 en Lingua Estranxeira, 1 especialista en Música e 1 en Educ Física) máis 4 compartidos ( Relixión, A.L., orientador e unha especialista en P.T.2 ). A mestre de A.L., Relixión e o Orientador comparten a súa labor co CEIP Conmeniño. O centro conta cunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica a tempo completo que fai as funcións de directora polo que designaron outra mestra especialista en P.T. ( que denominamos P.T.2) que cubre o horario da directora compartindo a súa labor co CEIP Dorrón.

Persoal non docente: un conserxe, persoal de comedor e persoal de limpeza.

Número total de alumnos: 88

### Alumnado por curso

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL								
1º CURSO* : 10 alumnos			2º CURSO: 4 alumnos			3º CURSO: 10 alumnos		
Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e		
A.L.	P.T.*	P.T.* + A.L.	A.L.	P.T.	P.T. + A.L.	A.L.	P.T.	P.T. + A.L.
0	0	0	0	0	1	3	0	0

PRIMARIA																	
1º curso: 5 alumnos			2º curso: 10 alumnos			3º curso: 11 alumnos			4º curso: 13 alumnos			5º curso: 11 alumnos			6º curso: 14 alumnos*		
Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e			Alumnos n.e.a.e		
AL	PT	AL +PT	AL	PT	AL +PT	AL	PT	AL +PT	AL	PT	AL +PT	AL	PT	AL +PT	AL	PT	AL +PT
2	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	2	0	0	3	0	2	2

**Nota:** No apartado de n.e.a.e. fan referencia aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo previstas para o presente curso (son datos a mes de setembro e inclúese o alumnado obxecto da atención do especialista en A.L. e P.T; exclúese o alumnado obxecto de medidas de atención a diversidade de carácter ordinaria, obxecto dun control e seguimento por parte do profesorado titor ou apoio dun profesor con dispoñibilidade horaria).

\* Os alumnos de 3 anos (de novo ingreso ao centro) están en período de observación polo que non temos datos para saber se necesitaran medidas de atención á diversidade..

- **Observacións:** Os datos reflectidos son sempre orientativos, pois en función da súa evolución ao longo do curso poderían variar.

#### 2.1.2.2.- Centro ao que está adscrito

Este Departamento de Orientación está adscrito ao IES "As Bizocas" de O Grove.

### 3.- NECESIDADES EDUCATIVAS (Observadas)

#### 3.1. Relacionadas co CEIP As Bizocas

##### C.E.I.P. AS BIZOCAS

Alumnado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballar en accións de identificación temperá de necesidades educativas ou psicopedagóxicas no alumnado do centro.</li><li>• Desenrolar programas en prevención de dificultades en audición e linguaxe nos alumnos de nova incorporación ao centro ( alumnos de 2º e 3º curso do 2º Ciclo de Educ. Infantil)</li></ul>
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"><li>• Formación sobre algúns aspectos psicopedagóxicos, didácticos e metodolóxicos puntuais relacionado cos alumnos.</li></ul>
Familias	<ul style="list-style-type: none"><li>• Informar sobre diferentes aspectos ou dificultades que poden presentar o alumnado do colexio.</li></ul>
Outros organismos, institucións e centros	<ul style="list-style-type: none"><li>• Continuar coa colaboración con diferentes organismos, institucións e centros</li></ul>

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOCAS. CURSO 2023-24

#### 4.- DATOS A TER EN CONTA CARA A CONCRECIÓN ANUAL DO P.X.A.D.

NOTA: Como complemento ao Plan Xeral de Atención á Diversidade aportamos datos que definirán a concreción do mesmo para o presente curso.

##### 4.1.- Datos relacionados co alumnado con NEA

DATOS RELACIONADOS CO ALUMNADO CON N.E.A.E. NO CEIP "AS BIZOCAS"

Alumnos con avaliación psicopedagóxica que recibirán apoio da especialista de A.L. e P.T. (datos estimativos)

Educación Infantil								
2º ciclo de Educación Infantil								
1º curso			2º curso			3º curso		
P.T.	A.L.	*	P.T.	A.L.	*	P.T.	A.L.	*
0	0	0	0	0	1	0	3	0

No 1º curso do 2º ciclo de E.I. 1 alumno é obxecto de seguimento para valorar a posibilidade

Educación Primaria																	
1º curso			2º curso			3º curso			4º curso			5º curso			6º curso		
AL	PT	*	AL	PT	*	AL	PT	*	AL	PT	*	AL	PT	*	AL	PT	*
2	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	1+1■	0	0	3	0	2	1+1■

de realizar algunha medida de atención á diversidade

NOTA: - Os indicados cun \*, indican o número de alumnos que reciben apoio das dúas especialistas PT e de A.L.

- O número (1) Indica que estes alumnos están sen avaliar, son de nova incorporación ao centro e non nos consta necesidades educativas especiais no alumnado.
- O alumnado co símbolo ■ indica que ten unha ACS.

DATOS ESTIMATIVOS DO ALUMNADO OBXECTO DUNHA MEDIDA EXTRAORDINARIA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O PRESENTE CURSO	Educ. Infantil	Educ. Primaria	Total	Observacións
Alumnos só con apoio da especialista en P.T	0	2		Poden variar en función da súa evolución.
Alumnos só con apoio da especialista en A.L.	3	3	6	Poden variar en función da súa evolución. en A.L:
Alumnos que recibirán apoio dos dous especialistas		8	9	Poden variar en función da súa evolución.
Alumnos con adaptacións curriculares ( incluídos no anterior apartado)	0	2	2	Poden variar en función da súa evolución.

**Datos estimativos do alumnado obxecto dunha medida extraordinaria de atención á diversidade para o presente curso**

Alumnos con apoio do especialista de P.T. .... 11  
 Alumnos con apoio da especialista de A.L..... 15

**Principal déficit no alumnado incluído no apartado "Alumnos con apoio da especialista en P.T." (datos excluíntes)**

Posible retraso madurativo..... 2  
 Trastorno Grave da comunicación e aprendizaxe ..... 1  
 Trastorno de Huntington .....1  
 Alumnos con necesidades específicas de aprendizaxe ..... 7

(algúns asociados a outros déficits )

NOTA: 2 alumnos dos citados ten unha ACS

Principal déficit no alumnado incluído no apartado "Alumnos con apoio da especialista en A.L."

Alumnado con dislalias ..... 6

Alumnos con síntomas disléxicos e/ou dificultades lecto-escritoras.....4

Retraso madurativo coa linguaxe afectada e/ou trastorno da linguaxe.....3

**4.2.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PLANS/PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Dun modo xeneralizado, partimos dunha Avaliación Inicial que é realizada preferentemente polo profesor titor, unha vez detectadas as necesidades do alumnado o titor comunicaralle á xefatura de estudos os datos destacados ou que deben ser tomados en consideración, posteriormente o/a titor/a tomará as medidas oportunas para corrixir os déficits detectados, de non superar os déficits comunicarallos á xefatura de estudos, quen en sesións informativas coa dirección e claustro determinará as medidas a tomar.

As medidas a tomar podense clasificar en dúas categorías:

**1.-MEDIDAS ORDINARIAS.**

Inclúense dentro das medidas ordinarias aquelas que citan como tales na orde de 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado en centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

Para o presente curso téñense previstas as seguintes medidas ordinarias de atención a diversidade:



### Reforzo educativo e de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Coa finalidade de cubrir o horario lectivo do profesorado, o centro ten disposto que o profesorado destinado do centro poderá realizar as seguintes labores:

- Apoio a outros profesores e actividades lectivas que requiran a presenza de máis dun mestre na aula.
- O profesor titor en función das dificultades que presente o alumno N.E.A.E. poderán realizar tarefas de reforzo educativo para que o alumno adquira as destrezas básicas ( tamén dentro da aula referencial).

### Desdobres no primeiro curso do primeiro ciclo

Dada a circunstancia de que no 1º ciclo están dous cursos ( 1º e 2º ciclo) nunha aula a dirección do centro ten previsto que nas materias de lingua e matemáticas se realice un desdobre na clase na que se separan os dous cursos e no que un profesor de apoio e a titora explicarán a materia ou contidos académicos no nivel correspondente. Tense previsto un total de 4 sesións de desdobre ( 2 para a materia de Lingua e 2 para materia de matemáticas).

### Programas de habilidades sociais ou prosociais.

O Departamento de Orientación, en caso de ser preciso, elaborará un programa de habilidades prosociais e/ou sociais para o presente curso. De xurdir a necesidade este Departamento realizará as liñas bases para o seu desenvolvemento, que serán expostas ao profesorado afectado para que, asesorado polo departamento, os titores desenvolvan o citado programa.

A aplicación do programa ou plan no alumnado estará a cargo do profesor titor ou profesores afectados e o profesor titor do alumnado obxecto do programa realizará unha memoria do mesmo a final de curso, valorando os resultados acadados e posibles melloras na súa aplicación. Esta memoria realizada polo titor será entregada ao Departamento de orientación e xefatura de estudos para que consten nas súas memorias de curso.

## *2.-MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.*

Inclúense dentro das medidas extraordinarias aquelas que citan como tales na orde de 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado en centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanza establecidas na lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

A relación do alumnado con informe psicopedagóxico que precisa un apoio cun especialista en PT e/ou AL está xa indicado no apartado 4.1.

Actualmente está previsto solicitar á inspección educativa a aprobación de dúas proposta de A.C.S.

### **Plans e programas**

Ao longo destes últimos anos presentáronse diferentes problemáticas nos centros relacionadas coa atención a diversidade polo que o departamento de orientación ten deseñado diferentes plans para solucionarlos; dos problemas presentados destacamos a dificultade que presente o alumnado de Educación Infantil a nivel lingüístico, polo que os plans que imos a desenrolar neste curso serán os que a continuación se citan en cada un dos centros nos que actúa o departamento de orientación.

PLANS E PROGRAMAS RELACIONADAS COA ATENCIÓN A DIVERSIDADE PARA REALIZAR AO LONGO DO CURSO NO CEIP COMENIÑO

“Programa de estimulación da linguaxe oral en Educación Infantil “ para alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil.

Deseño do programa e responsable da súa realización: Profesora especialista en audición e linguaxe

Colaboran : Profesora titora do curso de infantil correspondente.

Asesora: Departamento de orientación.

Seguimento, avaliación e elaboración da memoria: Especialista en audición e linguaxe

Temporalización preferente: Ao longo do curso

“ Programas de transición de primaria a secundaria”.

Proposta de deseño de programa e responsable da súa realización:

Proposta de deseño Departamento de orientación, responsable de realización o equipo directivo

Colaboran: Departamento orientación, equipo directivo e profesorado de 6º de Ed. Primaria.

Coordina: Equipo directivo.

Asesora: Departamento de orientación.

Seguimento, avaliación e memoria: Departamento de orientación, equipo directivo e orientador.

Temporalización preferente: 3º Trimestre.

NOTA: Elaborarase no 3º trimestre do actual curso

“Plan de absentismo”

Aplicarase o plan de absentismo do centro naquelas situacións que así o se estime seguindo os criterios establecidos polo centro.

Deseño do programa e responsable da súa realización: Dirección do centro en colaboración co Concello

Colaboran: Profesorado do centro e Concello.

Análise, seguimento, avaliación das intervención no centro :Observatorio de convivencia

Elaboración da memoria: Observatorio de convivencia

Temporalización preferente: Ao longo de todo o curso

- “ Programa de modificación da conduta”.

De xurdir a necesidade, o departamento de orientación elaborará un programa de modificación da condutas ( sobre todo para o alumnado con dificultades no control da impulsividade) e adaptadas ás necesidades que presente.

- “Programa de habilidades sociais ou prosociais”.

Non está prevista a realización dun programa de habilidades sociais para o presente curso, pero de xurdir a necesidade o Departamento de orientación realizará as liñas bases para o seu deseño, estas serán expostas ao profesorado afectado para que, asesorado polo departamento, os titores desenvolvan o citado plan.

A aplicación do programa ou plan no alumnado estará a cargo do profesor titor ou profesores afectados e o Realizaremos unha proposta de habilidades prosociais con un alumno con moitas dificultades de relación con iguais e outras persoas. Nestes programas será profesor titor do alumnado obxecto do programa quen realizará unha memoria do mesmo a final de curso, valorando os resultados acadados e posibles melloras na súa aplicación. Esta memoria realizada polo titor será entregada ao Departamento de orientación e xefatura de estudos para que consten nas súas memorias de curso.

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOGAS. CURSO 2023-24

## 5.- OBXECTIVOS XERAIS

### 5.1 Obxectivos referidos ao centro

Deberían ser os seguintes:

- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Cooperar coa comunidade educativa ( Equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA, comisións) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que pode incidir en maior medida.
- Potenciar a coordinación cos diferentes centros aos que estamos adscritos.
- Coordinarase con outros organismos que traballan no noso Concello e que teñen relación cos noso alumnado ( Servizos médicos, Pediatras da Seguridade Social da zona...
- Promocionar a convivencia e a resolución de conflitos.
- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se estableza pola Consellería.
- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática da Xunta relacionada coa orientación e o alumnado.
- Velar pola inclusión no P.X.A.D. das actuacións, medidas e/ou programas para atender á diversidade.

### 5.2.- Obxectivos referidos ao alumnado:

- Realizar o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.

- Favorecer a inclusión e a participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar. Evitando situacións de absentismo escolar.
- Fomentar a transmisión dos valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a igualdade, o respecto e a xustiza.
- Favorecer a solidariedade e a tolerancia entre os/as nenos/as.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten.

### **5.3.- Obxectivos referidos ao profesorado:**

- Propor diferentes actuacións do profesorado titor co profesorado de apoio en alumnos con n.e.a.e. para dar respostas ás necesidades que presente este alumnado.
- Colaborar cos titores na información as familias relativas ao desenvolvemento do alumnado con N.E.A.E.
- Colaborar na resolución das necesidades que teñan os titores para levar a cabo a función titorial.
- Orientar e asesorar na realización das adaptacións curriculares que se puideran levar a cabo.
- Axustar propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno, con intervención inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar ao profesorado, cando o soliciten, nos procesos de axuste e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario.
- Facilitar, cando se lle solicite ou se considera necesario, asesoramento a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumno con necesidade específica de apoio educativo.

#### **5.4.- Obxectivos referidos as familias**

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con ou sen n.e.a.e. que así o soliciten.
- Incluír no P.A.T. actuacións que faciliten a presenza das familias no centro, que informen da obrigatoriedade que teñen os seus fillos de asistir a clase de forma regular e do procedemento para trasladar as posibles faltas de asistencia á clase e como xustificalas.
- Evitar situación de absentismo e de suceder aplicar os protocolos establecidos.

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOGAS CURSO 2023-24

## **6.- PLANO DE ACTUACIÓN**

### **6.1.- Liñas prioritarias de actuación**

Procuraremos seguir as liñas prioritarias de acción determinadas polas necesidades reflectidas na memoria do curso pasado, pola última circular da Dirección Xeral de centros e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais que afecta á Orientación en Primaria e/ou Educ. Infantil e das directrices que se poideran marcar pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOCAS. CURSO 2023-24



## 7.- DETERMINACIÓN DA ESTRATEXIA A SEGUIR

### 7.1.- Estratexias referidas ao alumnado

#### 7.1.1.- Realización da avaliación e integración inicial do alumnado

Actividades de acollida, especialmente no primeiro día de clases alumnos, centrándose naqueles que sexan de novo ingreso.

No primeiro tramo do curso escolar os titores/as:

- Comentarán co alumnado o funcionamento do colexio, presentaranse ao profesorado do colexio.
- Proporcionar ao alumnado, información referente a calendario escolar, horarios, atención coas familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares.
- Realización das avaliacións iniciais do alumnado, tendo en conta as conclusións das mesmas na realización da súas programacións.

#### 7.1.2.- Detección do alumnado con posible risco de absentismo

- O profesorado fará un control da asistencia de alumno á clase, e o titor/a rexistrará as faltas no XADE e comunicarlle aos titores legais as faltas rexistradas do alumno afectado.
- Aplicarase o protocolo de absentismo cando este se produza

#### 7.1.3.- Detección e avaliación dos alumnos con n.e.a.e.

Colaboración cos titores/as, familias e membros do departamento de orientación para unha pronta detección de posibles alumnos con n.e.a.e, co obxecto de buscar as respostas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

- O orientador propoñerá o modelo de intervención en cada caso, elevando ao xefe de estudos ou dirección a proposta de organización da docencia para este alumnado que quedará reflectida no seu informe psicopedagóxico.

#### 7.1.4.- Orientación académica .

Os tutores porán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Que o alumnado de 6º curso de primaria teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo e, sobre todo, que teña información sobre o ensino secundario

#### 7.1.5.- Avaliación do alumnado

Os equipos de profesores porán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Informar ao alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado.
- Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

#### 7.2.- Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado

Faremos referencia aos seguintes apartados:

##### 7.2.1.- Relación do titor co Departamento de orientación.-

- Detectar e prever condutas e/ou déficits do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- Coordinar as actividades orientadoras e de tutoría do Centro que afectan ao seu grupo.
- Colaborar co departamento de orientación na elaboración de informes, datos condutuais ou outras informacións precisas para a elaboración dunha avaliación psicopedagóxica ou informe psicopedagóxico.
- Participar no asesoramento para o desenvolvemento do plan de acción tutorial.

##### 7.2.2.- Relación do titor co profesorado.-

Poranse en práctica as estratexias para favorecer os seguintes aspectos:

- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación entre niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión da Coordinación pedagóxica.
- Informar ao resto do profesorado aspectos do seu grupo titorizado que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumnado.
- Informar, especialmente ao profesorado que exerza como novo titor de alumnos con posible risco de absentismo escolar, aportándolle datos significativos para tentar de prever posibles situacións de absentismo.
- Organizar e dirixir as xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:
  - . Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
  - . A situación do grupo-clase.
  - . A situación actual do alumnado con NEA.
  - . Aspectos metodolóxicos a ter en conta.
  - . Outras informacións que se consideren de interese.

#### 7.2.3.- Relación do titor coas familias.

Os titores porán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horarios de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais..
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos e así mesmo acadar a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumnado.
- Informar aos pais da obrigatoriedade que teñen os seus fillos de asistir a clase de forma regular e do procedemento para trasladar as posibles faltas de asistencia á clase e como xustificalas, aplicando aquelas medidas, plans o programas para prever o absentismo escolar e/ou aplicar o protocolo establecido en caso de producirse.

#### 7.3.- Estratexias de intervención a ter en conta.-

### 7.3.1.- Procedemento para solicitar a intervención do Departamento de Orientación:

- O reforzo educativo será unha das medidas a poñer en funcionamento por parte dos titores/as en primeira instancia coma medida ordinaria máis inmediata. Será realizado pola profesor/a titor/a con ou sen a colaboración doutro mestre con dispoñibilidade horaria, de non xurdir efecto esta medida intervirá o D.O. para propor medidas que se estimen precisas.
- Será preciso unha boa comunicación entre a titora ou titor co Departamento de Orientación. As solicitudes ou demandas de intervención do D.O. serán solicitadas polo titor/a e outros que estableza a lei, inclúense aos pais ou titores legais sempre que así o valoren o xefe de departamento, escoitados os membros do departamento e titor/a do alumno/a.
- Cumprimentar por parte do titor ou da titora familia (si é o caso) da solicitude de intervención do Departamento de Orientación, na que se describirán as dificultades atopadas. Para cubrir a solicitude, os titores e as titoras que o precisen poden contar coa axuda das profesoras de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e do xefe do DO.
- Departamento inicia un proceso de recollida de datos para o que é imprescindible a colaboración do profesorado que imparte clase a dito alumno/a, tamén recollida de datos dende o ámbito familiar.
- No caso de que o Departamento de Orientación o considere necesario, procederá a realizar unha avaliación psicopedagóxica.
- En función da gravidade realizarase ou non o correspondente informe psicopedagóxico dependerán das medidas a tomar e a gravidade das dificultades atopadas no alumno ( de non precisar medidas extraordinarias ou non esgotar as ordinarias poderase non realizar o informe psicopedagóxico).
- Unha vez rematado o punto anterior e valorada a necesidade dunha medida extraordinaria o Departamento de Orientación elaborará no seu informe un programa de intervención ou as pautas de intervención, se fose preciso.
- A avaliación de intervención especificarase no propio programa ou informe. Preferentemente farase un seguimento trimestral na reunión de

avaliación. No caso de que a avaliación non sexa positiva, revisarase outra vez o procedemento e / ou programa de intervención.

### 7.3.2.- Criterios a seguir para establecer os apoios das especialistas de PT e AL.

A nivel xeral seguiranse os seguintes por orde preferente:

- Atenderase o alumnado obxecto dunha adaptación curricular significativa.
- Atenderase de forma preferente ao alumnado que determine o informe psicopedagóxico correspondente, sendo a preferencia aquela que teña maior minusvalía recoñecida ( de maior a menor dificultade).
- De ter a mesma dificultade e gravidade en E. Primaria, terán preferencia na intervención os alumnos con apoios realizados no curso anterior, priorizando ao alumnado dos cursos inferiores sobre os superiores.
- En Educación Infantil só se apoiará en casos de gravidade e determinados no correspondente informe.
- Aqueles alumnos con dislalias evolutivas e que participen no Programa PELO non terán preferencia sobre outro alumnado de infantil ou primaria que presente dificultades graves no avance escolar ou condutual.
- Terán preferencia, cara unha posible valoración psicopedagóxica no ámbito lingüístico, un alumno de Educ Primaria sobre un alumno de Educ Infantil que participe no programa PELO.
- Atenderase primeiro aos alumnos con Reforzo Educativo que repitan curso que os que non.
- Atenderase, cara a unha posible avaliación psicopedagóxica, aqueles alumnos que en cursos pasados tivesen R.E. ou medidas ordinarias de atención á diversidade sobre aqueles que non as tiveron
- Buscarase máis un apoio de calidade que de cantidade.
- O apoio será, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria excepto en causas xustificadas debido a medidas de tipo sanitario, actividades especiais a realizar ou outras situacións que así o recomenden; estas

medidas tamén de intervención nunha aula específica poderán ser provisionais e priorizarase a integración no grupo de referencia do alumno/a.

- Os apoios dos especialistas en A.L. e P.T. dirixiranse preferentemente á adquisición e desenvolvemento das habilidades ou capacidades cognitivas básicas ( exemplo: percepción, atención, razoamento, planificación, memoria...), funcións executivas e, no alumnado cun atraso escolar significativo, á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Linguaxe e Matemáticas, ben sexa de conformidade coa adaptación curricular elaborada polo titor ou mestre de cada unha destas áreas ou no programa de intervención efectuado polo departamento de orientación (en coordinación co mestre de apoio).
- Os apoios na aula ordinaria impartiranse preferentemente durante as áreas de Linguaxe, Matemáticas ou Coñecemento do Medio, e non en E. Física, Plástica e Música.
- Os pais dos alumnos susceptibles de reforzo serán informados das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. Farase por parte dos titores unha ficha de seguimento dos reforzos.

Térase en conta cara á intervención, por parte do profesorado especialista, co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para realizalo fora da aula ordinaria cando:

- As medidas sanitarias ( Exemplo: COVID e outras pandemias) tomadas polo centro así o aconsellan.
- Se segue tratamento de dislalias ou aspectos da linguaxe que esixa unha intervención específica e individualizada.
- Existe alumnado de necesidades educativas especiais que, para determinadas actividades do programa de intervención, precisa un esforzo de atención e concentración que non conseguiría dentro da aula ordinaria ou mesmo a realización de determinadas actividades de difícil realización na aula ordinaria.

- Os apoios levados a cabo por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria serán levados a cabo dentro de aula, agás que se fagan desdobres puntuais.

## 8.- RECURSOS COS QUE CONTAMOS

Os recursos que empregaremos serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada., procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

RECURSOS		
Persoais	Do centro	Materiais
Profesorado	Concello	Cuestionarios
Titores	Centros educativos da zona	Inventarios
Orientador	Consellería	Folletos
Profesionais externos	Internet	Fichas
	Familias	Tests
		Bibliografía
		Ordenadores

## 9.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos implicados no mesmo.

O desenrolo desas actividades deberá estar baseado na estratexia metodolóxica do traballo colectivo estruturado e desenrolado en :

- Reunións colectivas: Director e equipo de titores de nivel coas familias
  - Titor con alumnado e familias
  - Reunións de nivel, de ciclo
  - Xuntas de avaliación
  - Departamento de Orientación
  - Claustro, CCP, Consello Escolar
  - Comisións
- Reunións individuais entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información...

## 10.- ADAPTACIÓNS Á SITUACIÓNS PANDÉMICAS OU COVID

De suceder situacións pandémicas que afecten á saúde dos membros do centro seguiremos as instrucións determinadas pola Xunta e as directrices establecidas polo centro para estas situacións.



## 11.- ACTIVIDADES E A SÚA TEMPORALIZACIÓN

Neste apartado concrétnanse as actividades que farán posible a consecución dos obxectivos fixados neste plan, estas actividades deberán ter en conta o seu carácter flexible e revisable.

### **11.1 Principais actividades a realizar polo D.O. e a súa temporalización**

Actuacións a levar a cabo	Temporalización preferente	Destinatarios	Responsables	Aspectos principais do plan que desenvolve
Reunións trimestrais do DO	(1 día cada trimestre) ou cando xurda a necesidade Todo o curso	Membros DO.	Xefatura de estudos e membros do	Orientación
Reunións mensuais do xefe do departamento con especialistas en PT e AL ( poderán asistir representante do equipo directivo)	(1 reunión cada 30 días )ou cando xurda a necesidade. Todo o curso	PT, AL e orientador	Orientador	Orientación
Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que recibiron atención de PT/AL o curso pasado.	2ª quincena de setembro.	DO, alumnado.	DO	P.A.T.
Revisión do material dispoñible no DO e adquisición de novo ( se é posible)	1º trimestre	DO, profesorado, alumnado.	DO	Orientación
Proposta de apoio alumnado NEAE.	Setembro/outubro	Xefatura de estudos	Orientador	Apoio ao proceso de E-A P.X.A.D
Elaboración/revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas, autorizacións, ACS, etc.	Todo o curso	Comunidade educativa.	Orientador	Apoio ao proceso de E-A P.A.T.
Participación na acollida do alumnado informando, de ser o caso, das funcións do DO e integrantes.	Setembro-Outubro	Familias	DO	P.A.T. Orientación
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial.	Setembro-Outubro	Alumnado	DO	P.A.T.
Trámite de becas nos datos relacionados co D.O., para alumnado	Setembro	Familias	Orientador	Orientación

con NEAE.				
Realización/actualización/revisión das avaliacións /informes Psicopedagóxicos.	Todo o curso. (realización de informes psicopedagóxicos preferentemente no 2º trimestre)	Alumnado	Orientador	P.A.T. Apoio ao proceso de E-A P.X.A.D.
Recollida de datos: DRDADI	1º trimestre	Xunta	Orientador	Todos
Colaboración, no caso de que fose preciso, coa dirección do centro nas medidas pedagóxicas ou hixiénico-sanitarias a tomar polos membros do departamento e nenos obxecto de análise e/ou intervención	Todo o curso cando sexa preciso	Orientador Especialistas en A.L. e P.T. Alumnado.	Departamento. Orientación	Apoio ao proceso de E-A
Realización de informes varios relacionados co Depart. Orientación	Todo o curso.	Quen os demande	Orientador	Apoio ao proceso de E-A
De xurdir a necesidade, redacción solicitudes ao EOE.	Todo o curso.	EOE de Pontevedra.	Orientador.	Todos
Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas aplicadas ao alumnado con NEAE.	Todo o curso.	Alumnado.	DO	P.X.A.D. Apoio ao proceso de E-A Orientación
Facilitar a coordinación e comunicación entre as diferentes etapas educativas (EI, EP, ESO).	Todo o curso.	Profesorado (orientadora IES)	DO	P.A.T. Apoio ao proceso de E-A Orientación
Propiciar entrevistas para unha boa comunicación e coordinación con diversos servizos externos que traballan co alumnado.	Todo o curso.	Gabinetes, familias, tutores, responsables servizos externos varios.	DO	P.A.T. Apoio ao proceso de E-A Orientación
Programa de preparación para ESO.	3º trimestre	Alumnado e familias de 6º.	Orientador, tutores/as de 6º. Orientadora do IES	Apoio ao proceso de E-A Orientación
Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	Maio-xuño	Claustro, directora	DO	Orientación

Elaboracións de informes do alumnado que remata E.P. e foi obxecto dalgunha Avaliación psicopedagóxica.	Xuño	Xefe de estudos, Orientador do IES	Orientador	P.X.A.D Orientación
Recollida de datos: DRDORIENTA	Xuño-xullo	Xunta	Orientador	Todos
Memoria DO	Xuño	Claustro, directora	DO	Orientación
Participación nas sesións de avaliación.	Cada trimestre segundo convocatoria	Equipos docentes	DO	Apoio ao proceso de E-A
De xurdir a necesidade, asesoramento á comunidade educativa (dotación de estratexias e recursos: trípticos sobre temas educativos).	Todo o curso.	Comunidade educativa	Orientador	P.A. Apoio ao proceso de E-A
Asesoramento/participación/revisión na realización e seguimento das ACS.	Todo o curso (preferentemente ao longo do 1º trimestre).	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos	D.O.	P.X.A.D. Apoio ao proceso de E-A
Asesoramento e colaboración nas accións puntuais e imprevistas relacionadas co desenvolvemento da función titorial (enquisas, resolución de conflitos, charlas...)	Todo o curso.	Alumnado, familias, profesorado.	Orientador.	P.A.T.
Fomento da colaboración e relación titor-familia.	Todo o curso.	Profesorado, familias, alumnado.	Orientador	P.A.T.

PLAN DE ORIENTACIÓN

IES BIZCARRAS. CURSO 2023-24

## 11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliación formativa ao longo do curso nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adoptar as medidas correctivas que sexan necesarias.

Ao remate do curso farase unha avaliación que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi axeitada. Das conclusións a que se cheguen farase unha memoria.

Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do curso seguinte.

O Grove, a 11 de setembro do 2023

Juan Carlos Rumbao Domínguez

Xefe do Departamento de Orientación

PLAN DE ORIENTACION. CEIP AS BIZOCCAS. CURSO 2023/24